



INFORME DE ACTIVIDADES

A seguinte pretende ser una enumeración, non exhaustiva das diferentes actividades que ven realizando a PDR VIGO ata a assemblea actual, a 21 de Febreiro de 2003.

MANIFESTACIÓNS-CONCENTRACIÓNS

Manifestación do 20 de Abril de 2002, con saída dende Bouzas ate a Autoridade Portuaria.

Manifestación de 2 de Novembro de 2002, con saída dende Teis ate a Porta do Sol.

Concentración na Praza da Princesa, en Decembro do 2002, como repulsa ante o acontecido co Prestige.

Manifestación en Decembro do 2002, convocada xunto con Nunca Máis, contra a actitude do goberno de Galiza e do Estado ante a marea negra do Prestige.

ALEGACIÓNS CONTRA PROXECTOS DE RECHEOS E PORTOS DEPORTIVOS

- Frioteis
- Pescanova Chapela
- Desguaces e salvamentos Ría de Vigo.
- Petrovigo
- A Lagoa
- A Cacharela
- O Areal
- San Gregorio
- Plan Xeral de Ordenación Municipal

Tamén

Solicitud á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia da declaración de ben de interés cultural para a zona onde se librou a batalla de Rande.

INFORMES

Informe “Novos aterramentos na ría de Vigo. ¿Necesidade ou negocio” – 18/03/02. Enviado á Unión Europea e ó Ministerio de Medio Ambiente.

Informe do Colexio Oficial de Biólogos (recheos na ría)

Informes varios do Instituto de Investigacións Mariñas (Petrovigo, O Areal, xenérico sobre a proliferación de proxectos na ría, Prestige, etc.)

Informe sobre os efectos ambientais do Porto Deportivo de Canido – agosto 02.

ORGANIZACIÓN DE FOROS E MESAS REDONDAS

Conferencia-coloquio no paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo. Con Juan José González (IEO), Manuel Enrique Garci (IIM), Antón Luaces (Arqueólogo), Soledad Garcia (Ciencias do Mar).

Conferencia-coloquio no Centro Cultural Caixanova – 19 de Abril do 2002.

Aproximadamente 30 charlas informativas durante o mes de Abril de 2002, previas á manifestación do 20 de Abril.

Foro das Rías, en novembro do 2002. Punto de encontro das Plataformas das diferentes rías galegas. Coorganizado coa CEMMA e ADEGA.

Participación en convocatorias galegas

Participación na asamblea da COGAVE (Confederación Galega de Asociacións de Veciños) – Ferrol, 2002.

Participación no día do Medio Ambiente, na Manifestación EN DEFENSA DA TERRA, DOS RÍOS E DAS RÍAS, Ferrol, Xuño 2002.

Participación en apoio da Plataforma en Defensa da Ría de Pontevedra, da manifestación contra ENCE-ELNOSA

Participación en VIGONATURA, exposición sobre medio ambiente en Cotogrande, xullo 2002.

Participación, en UNIVERSITÚA, foro de asociacións da Universidade de Vigo, en outubro do 2002.

Viaxes a foros internacionais

Viaxe a Bruselas para presentar informe sobre a situación dos recheos e portos deportivos.

Viaxe a Bruselas para participar nunhas xornadas informativas sobre a Rede Natura 2000 en Galicia e os seus problemas de implantación.

Outras

Creación e mantemento de páxina web. www.pdrvigo.net. A día de hoxe con 1200 visitas.

Participación, coa lectura dun informe de situación da ría, nun Pleno do Concello de Vigo.

Notas de prensa, tanto anunciando actividades como respostando a declaracións feitas dende Concello, Autoridade Portuaria e outras institucións. Ademáis, aínda que non aparecen citadas unha a unha, realizáronse reunións múltiples, en moitos casos reiteradas con colectivos de relevancia social para a Ría de Vigo (Concello, sindicatos, partidos políticos, etc.).

Elaboración de trípticos, cartaces e follas informativas sobre diferentes proxectos.

Local cedido pola A.V. de Bouzas, dotado con material informático (ordenador/impresora) / compartido co grupo ecoloxista ADEGA.